



BASES DE PARTICIPACIÓN PARA A VECIÑANZA DO CONCELLO DE O VALADOURO, MENTRES TEÑA VIXENCIA O ESTADO DE ALARMA, DO I CONCURSO #QUEDANACASA.

O concello de O Valadouro, convoca o **I concurso #QuedaNaCasa on-line** para dúas modalidades: debuxo e fotografía segundo as seguintes bases:

#Modalidade de debuxo on-line

PARTICIPANTES:

Poden participar neste concurso nenos, nenas, mozos e mozas do Concello de O Valadouro.

TRABALLOS:

- Temática libre.
- Cada persoa poderá presentar ata 2 debuxos.
- A dimensión máxima dos debuxos será en tamaño normalizado A-4 .
- Os traballos deben ser orixinais e inéditos.
- A técnica será libre e poderase usar: acuarelas, lapis de cores, rotuladores, ceras, ...
- Os traballos escanearanse ou sacaráselles unha fotografía (con boa visibilidade de traballo) e enviaranse ó e-mail: concurso@valadouro.org coas seguintes indicacións:
 - Asunto: CONCURSO DE DEBUXO ON-LINE
 - Corpo de e-mail: Nome, apelidos, idade, teléfono de contacto, curso e centro de estudos, tamén debe figurar o nome do pai/nai/representante e número do documento nacional de identidade.
- O concello pode subir ás súas redes sociais todos ou parte dos traballos presentados.

PRAZO DE PRESENTACIÓN:





O prazo de presentación remata o martes 27 de marzo de 2020 ás 23:59h.

CATEGORÍAS:

- Infantil.
- Primeiro ciclo de Primaria (1º, 2º e 3º curso).
- Segundo ciclo de Primaria (4º, 5º e 6º curso).
- Secundaria.

XURADO

O xurado estará presidido polo Sr. Alcalde-Presidente, Concelleira de Cultura, Persoal Administrativo do centro Socio-cultural, Xuvenil e da Terceira Idade “Manuel Lourenzo” do Concello de O Valadouro e/ou persoas que se designe.

VALORACIÓN

Os traballos subiranse ás redes sociais municipais (facebook) e os visitantes poderán darlle a “ME GUSTA” en cada foto. Cantos máis “ME GUSTA” teña cada traballo máis puntos obterá.

A votación pública será entre o 28 de marzo ás 0:00h e o 30 ás 23:59h.

O resultado dos dez máis votados será o que terá que valorar o xurado que se reunirá telemáticamente para determinar veredicto e facer público os gañadores dos premios.

PREMIOS

Haberá tres premios por categoría que consistirán en **vales de compra** para inverter en locais comerciais do concello de O Valadouro que non puideran abrir por da declaración do ESTADO DE ALARMA e que





deberán de ser consumidos no prazo de un mes a partir do día seguinte da entrega de premios.

- Infantil (1º premio: vale de 30,00€. - 2º premio: vale de 20,00€. - 3º premio: vale de 10,00€).
- Primeiro ciclo de Primaria (1º premio: vale de 30,00€. - 2º premio: vale de 20,00€. - 3º premio: vale de 10,00€).
- Segundo ciclo de Primaria (1º premio: vale de 30,00€. - 2º premio: vale de 20,00€. - 3º premio: vale de 10,00€)
- Secundaria (1º premio: vale de 30,00€. - 2º premio: vale de 20,00€. - 3º premio: vale de 10,00€)

A entrega de premios farase en acto oficial despois de que remate o Estado de ALARMA.

DEREITOS

Os traballos presentados pasarán a ser propiedade do Concello de O Valadouro e os/as autores/as darán o consentimento para poder divulgarlos e difundilos publicamente polos medios que considere oportunos.





#Modalidade fotografía on-line

PARTICIPANTES:

Poden participar neste concurso persoas de máis de 16 anos do Concello de O Valadouro.

TRABALLOS:

- Temática: **#QuedaNaCasa**
 - Trátase de que amoses o que fas neste tempos de corentena na túa casa.
 - Podes tratar o tema con humor.
 - Podes estampar os quefaceres da casa.
 - Descalificaranse imaxes consideradas obscenas ó igual que aquelas que representen insultos e abusos.
- Cada persoa poderá presentar ata 2 fotografías en formato .jpg e 72ppp. de resolución (mínimo), un peso de 8 Megabytes(Mb) e tamaño mínimo de 1600x2300 pixeles
- Os traballos teñen que ser orixinais e inéditos e non se admiten fotomontaxes.
- Non se condiciona o uso exclusivo de medios para captar a fotografía, podendo usar móbil, cámara dixital, ...
- Os traballos enviaranse ó e-mail: concurso@valadouro.org coas seguintes indicacións:
 - Asunto: CONCURSO DE FOTOGRAFÍA ON-LINE
 - Corpo de e-mail: Nome, apelidos, idade, teléfono de contacto tamén debe figurar o nome do pai/nai/representante (menor de 18 anos) e número do documento nacional de identidade.
- O concello pode subir ás súas redes sociais todos ou parte dos traballos presentados.





PRAZO DE PRESENTACIÓN:

O prazo de presentación remata o martes 27 de marzo de 2020 ás 23:59h.

CATEGORÍAS:

- Unha única categoría para adultos (máis de 16 anos)

XURADO

O xurado estará presidido polo Sr. Alcalde-Presidente, Concelleira de Cultura, Persoal Administrativo do centro Socio-cultural, Xuvenil e da Terceira Idade “Manuel Lourenzo” do Concello de O Valadouro e/ou persoas que se designe.

VALORACIÓN

Os traballos subiranse ás redes sociais municipais (facebook) e os visitantes poderán darlle a “ME GUSTA” en cada foto. Cantos máis “ME GUSTA” teña cada traballo máis puntos obterá.

A votación pública será entre o 28 de marzo ás 0:00h e o 30 ás 23:59h.

O resultado dos dez máis votados será o que terá que valorar o xurado que se reunirá telemáticamente para determinar veredicto e facer público os gañadores dos premios.

PREMIOS

Haberá tres premios que consistirán en **vales de compra** para inverter en locais comerciais do concello de O Valadouro que non puideran abrir por da declaración do ESTADO DE ALARMA e que deberán de ser consumidos no prazo de un mes a partir do día seguinte da entrega de premios.





- 1º premio: vale de 60,00€.
- 2º premio: vale de 40,00€.
- 3º premio: vale de 20,00€.

A entrega de premios farase en acto oficial despois de que remate o Estado de ALARMA.

DEREITOS

Os traballos presentados pasarán a ser propiedade do Concello de O Valadouro e os/as autores/as darán o consentimento para poder divulgarlos e difundilos publicamente polos medios que considere oportunos.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no Concurso supón a aceptación das bases, e, por tanto, o participante cede ao Concello do Valadouro os dereitos de propiedade intelectual de reprodución e de comunicación pública asegurando que é o autor do texto co que participa no Concurso, que se trata dunha obra orixinal e que non infrinxe dereitos de terceiros, sexa da natureza que sexan, en caso de resultar gañador do Concurso.

No caso de participantes menores de idade a participación deberá ser subscrita polos seus pais ou titores nos mesmos termos

Os nomes dos gañadores poderán ser publicados nos seguintes medios: Redes sociais do Concello do Valadouro e sede electrónica do mesmo. Por iso, coa aceptación das bases, o participante cede os dereitos de imaxe publicada a efectos de posibilitar a publicación da mesma e o seu nome en caso de resultar gañador





Os datos persoais que facilite o participante serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello do Valadouro coa finalidade de xestionar a súa participación no Concurso conforme ao indicado nas presentes bases.

A base xurídica que lexítima este tratamento é a necesidade para cumprir coas bases do Concurso. Con esta finalidade, os datos do participante serán conservados mentres ostente a condición de usuario rexistrado e, posteriormente, durante 5 anos para a atención das posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

En caso de ser elixido entre os dez participantes máis votados ou como gañador en redes sociais e na páxina web do Concello do Valadouro para garantir a transparencia do Concurso. A base xurídica que lexítima este tratamento é o interese lexítimo. Con esta finalidade, os datos do gañador ou reserva serán conservados na publicación de forma indefinida no tempo, ata que o interesado opóñase a iso ou solicite o seu dereito de supresión.

Ditas bases publicitaranse a través da sede electrónica do concello de O valadouro e da páxina web do concello de O Valadouro.

E para que así conste, asínaas en O Valadouro a concelleira delegada de cultura, dona Josefina Geada Losada na data que figura á marxe.

